



Sumario

SAÚDA DO PRESIDENTE

EDITORIAL

PRESENTACIÓN DO CLUB

CATEGORÍAS DA ESCOLA
BENXAMÍNS

ALEVÍNS

INFANTILES

CADETES

EDITA:

E.D. Xuventude Oroso

COORDINADOR:

Manuel Cruz

COLABORADORES:

Pilar Pazos

María Moreiro

FOTOGRAFÍA:

Foto -Vídeo Antonio

**DISEÑO E
MAQUETACIÓN:**

Imprenta Litor

Javier Seoane

PUBLICIDADE:

Teléfono: 630 588 021

xuventudeoroso@yahoo.es

PERFIL DOS TÉCNICOS
DO CLUBE

COMENTARIO TÉCNICO

CARTAS A DIRECTIVA

XENTE DO CONCELLO

XENTE DO CLUBE

OS NENOS FALAN

OS PAIS TAMÉN OPINAN

A XENTE QUE SE MOLLA

OPINIÓ



SAÚDA DO PRESIDENTE



Quero aproveitar esta oportunidade para enviarlle un saúdo en nome meu e no de toda a Xunta Directiva a tódolos xogadores, adestradores, pais, seareiros e patrocinadores que formamos esta gran familia chamada “E.D. Xuventude Oroso”.

Acabamos de comezar un novo ano cheo de ilusións e con gran dedicación, esperamos que cheguen os froitos ó final.

2

Na nosa mente non está outra cousa mais que axudar os nenos e rapaces da nosa Escola a que convivan no respecto, na axuda duns a outros e a facer unha sociedade mellor a través do deporte.

O final da tempada lograremos o noso obxectivo si vemos a ledicia na cara dos nenos e na dos pais.

Unha forte aperta e agradecemento a todas as empresas, fundacións e socios que están apoiando este proxecto, xunto coa gran cantidade de pequenos comercios e establecementos de Oroso que fixeron unha considerable achega económica. Para rematar creo que é meu deber agradecer a colaboración do Concello, co que se asinou un convenio de colaboración, e nos están apoiando na xusta medida que se merece este Club, dada a importancia da labor social que se está a facer.

Luis Rey

Presidente da ED Xuventude Oroso



EDITORIAL

Un dos grandes obxectivos que me propuxen estes últimos anos como técnico deportivo, foi o de promover a creación dunha asociación deportiva, encamiñada a englobar as competicións do deporte de base en Oroso. Como todo o mundo sabe, as competicións deportivas son o aliciente de todo deportista, neno ou adulto e estas están organizadas polas distintas federacións. Con esto quero dicir, que para poder competir no deporte federado, sexa fútbol, baloncesto ou calquera outro que se nos ocorra é necesario pertencer a un club.



Hoxe en día podemos estar orgullosos de que en Oroso exista unha asociación, denominada “Escola Deportiva Xuventude Oroso”, con máis de oitenta nenos inscritos e competindo nas distintas ligas comarcais. Todo isto principalmente grazas a un grupo de xente, (directivos, colaboradores, adestradores...) que por amor ó deporte traballan e dedícanlle moitas horas, sacrificando tempo incluso o de estar coas súas familias para que este club sexa un referente para todos. É de admirar o esforzo e empeño que están a por, para que a pesar de moitas dificultades, os mais cativos teñan a posibilidade de competir en equipo cos seus amigos de sempre e no seu pobo. Tamén destacaría a ilusión que teñen os nosos pequenos deportistas por aprender e a colaboración por parte dos pais para que estes fagan deporte, cos beneficios que isto engade de cara o futuro dos nosos rapaces.

Si facemos memoria non quero esquecerme do esforzo que fixeron e fan os clubs de Oroso, que apesares de dispor de poucos medios, lograron que o deporte federado teña unha tradición consolidada no noso entorno, acadando logros importantes, cheos de bonitos recordos. Estou convencido de que esta escola axudará a que estes logros se multipliquen, de maneira que nun futuro próximo poidamos gozar de ter un gran equipo, froito do traballo da base e da unión de todos.

Manuel Cruz



PRESENTACIÓN DA "E.D. XUVENTUDE OROSO"

4



SÁBADO 27 DE AGOSTO DE 2005
CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SIGÜEIRO "LINO BALADO"

Foto Xunta Directiva e colaboradores composta por:

Luis Rey, Manolo Ferreiro, Ricardo Fernández, José Antonio Rial, Marcos Fernández, Monse Maroño, Marisol Bouzón, Manuel Cruz, María Moreiro, Eladio Manzano e Luciano Dono.

caixanova



Os seareiros abarrotaron o Campo de Fútbol de Sigüeiro e animaron a presentación dun “novo club” denominado “Escola Deportiva Xuventude Oroso”. O actor Josito Porto, colaborou nos actos programados para este día especial do deporte en Oroso. Tamén asistiron o alcalde, concelleiros, directivos de empresas colaboradoras e os equipos de División de Honra de infantiles: R.C. Deportivo da Coruña e o C.D. Conxo de Santiago, que nos mostraron o seu gran nivel técnico no campo.



Vista desde as gradas das distintas formacións dos nenos e demais xente do club o día da presentación

Intercambio de recordos antes do comezo do partido de fútbol, por parte do Delegado do “R.C. Deportivo” e o Presidente da “E.D. Xuventude Oroso”.





EQUIPACIÓN PATROCINADA POR “PANRICO-DONUTS”

6

Integrantes da Escola cos técnicos: Carlos Sanín, Jaime Veiga, Victor Santos, Marcos Fernández e Victor Conejo. Equipos inscritos nas categorías Alevín, Infantil e Cadete.

Tódolos presentes tiveron o seu premio, sobre todo os máis cativos, gracias as achegas de empresas como Panrico e Vegonsa, que se encargaron de que non faltaran pinchos para tódolos asistentes. A colaboración que están ofrecendo as Empresas e o mesmo Concello, é primordial para que este proxecto teña os seus froitos, ofrecendo así os nenos a mellor formación posible: técnica e educativa.



PANRICO donuts





Esta Escola tivo a obriga moral de acoller a outra categoría máis de nenos e ampliouse en setembro para poder incluír os Benxamíns, Satisfacendo así a demanda de moitos pais e tamén como non dos máis cativos por practicar o seu deporte favorito.

ASESORÍA
 Fiscal, laboral e empresarial
INMOBILIARIA
 Alugamento e venda de pisos, oficinas e fincas en Santiago e comarca. Asesoramento inmobiliario e mediación na compravenda de inmobles

CORREDURÍA DE SEGUROS
 Traballamos coas mellores compañías para ofrecerlle as mellores pólizas

SOFTSIGÜEIRO
 Informática a súa medida. Os mellores prezos, o mellor servizo

RAFRA
 CAMIÑO REAL, 11 BAIO



EQUIPACIÓN PATROCINADA POR “ALUMINIOS ALCA”

8



A colaboración das empresas que participan neste proxecto é excepcional, tódalas categorías dispoñen dun completo equipamento deportivo, gracias as distintas entidades que patrocinan a nosa escola e sinten a necesidade de apoiar esta iniciativa de futuro.



alca, sl.



Categoría

Benxamíns

ROBERTO MARIÑO LIÑARES
IVAN JUNCAL VARELA
ANXO BOTANA REY
ALVARO GARCIA GENDRA
DIEGO SANCHEZ FERNANDEZ
LUIS CELA LOPEZ
JAVIER CARBALLIDO IGLESIAS
ANDRES GONZALEZ BALADO
PEDRO GARCIA MIRAS
BORJA SAINZ RIAL
HECTOR COTOS MONTERO
ANGEL GARABATO RUIBAL
OSCAR SEOANE PAZOS
DANIEL CASAL RAMOS
AITOR RIAL FERNANDEZ
ALEJANDRO PICON GOMEZ
JONATAN REY BOUZON
JAIME BLANCO LOPOEZ



Esta categoría a integran nenos nados nos anos 96-97-98

Aínda que foron os últimos en incorporarse, merecen o apoio e dedicación como os que mais, cabe destacar que os mais cativos da Escola son ademais os que mais ilusión e gañas están poñendo nos adestramentos

JAVIER CASTRO, S.L.

CARPINTERÍA DE MADERA • FABRICACIÓN DE MUEBLES

981 895 777 - 669 377 930

Piñeiro, nº 9 - San Cristobal • SANTIAGO DE COMPOSTELA





RUBEN ALLER SEÑOR
ALBERTO CASTRO RIVERA
ALEJANDRO CASTRO
CASTIÑEIRAS
DARIO VEIGA TABOADA
DAVID FERNANDEZ RIVERA
JAVIER LISTE RIOS
JESUS ESTALOTE MAROÑO
JOSE A. CASTRO MARTINEZ
JULIAN SILVEIRA CARNOTA
MARCOS FERNANDEZ RICO
RODRIGO PAINCEIRA CABELLO
LUIS PENA BOTANA
ADRIAN IGLESIAS PENIDO
DAVID COTROFE GRELA
DIEGO PARDO PRADO
ALBERTO RODEIRO FERNANDEZ
RODRIGO RICO OTERO
MARCOS GARCIA MAZÁS
CHRISTIAN DONO TOBIO
MANUEL RIVERA COSTA
DANIEL RAMA VILLAVARDE
LUCAS D'ORSI TORRES
PABLO FRANCO PENA
MARTIN PEREIRO BOTANA
ALBERTO CASTRO OTERO
JOSE A. JUNCAL DONO



EULOGIO VIÑAL
OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

Penateixa, 13 • Gándara
Tel.s 981 69 15 45 - 981 68 89 47
Fax: 981 68 89 46
15884 OROSO (LA Coruña)

Madeiras
Irmãos Castro, s.l.

15688 VILARROMARIS-OROSO
Tels. 981 694 663 • 981 69 14 72



Categoría

Alevíns

Forman esta categoría nenos nados nos anos 94-95. Coma xa se esperaba, cando comezamos a inscribir os nenos, contábase que ía a ser a categoría máis numerosa, por iso a Escola tivo que facer un gran esforzo de medios económicos e sobre todo humanos para que puidesen participar todos, tendo dese xeito que duplicar a categoría e participar con dous equipos alevíns.



Zapatería RIAL

*Reparación de Calzado
Copias de llaves*

C/ Fray Rosendo Salvado, 13-15
EDIFICIO ZAFIRO
Tfno.: 981 59 84 48

C/ Laverde Ruiz, 2
ESQUINA HÓRREO
Tfno.: 981 57 61 80
SANTIAGO de COMPOSTELA

 **MADERAS**
BOTANA
COMPRA-VENTA

Tels.: 981 69 14 04 • Móvil 646 97 80 29
Barciela, 7 • 15884 Santiago (La Coruña)



Categoría

Infantiles

NICOLAS TIREUX ELESPE
CARLOS MIRAS FERNANDEZ
RUBEN VEIGA OTERO
PERICO GONZALEZ BALADO
XOSÉ LOPEZ BLANCO
IVAN BLANCO LOPEZ
MIKEL SEOANE NAVEIRO
GABRIEL MARTINEZ
FERNADNEZ
ANGEL MOSQUERA MALLO
GUSTAVO CENDAL MARTINEZ
ALEJANDRO FERNANDEZ PITA
DAVID PENA BOTANA
JUAN JESUS VIEITES CORES
JACOBO LIÑARES BOQUETE
JORGE FERNANDEZ LOPEZ
JUAN MIGUEL RAÑA GARCIA
JUANJO BREA CUMPLIDO



Participan nesta categoría, nenos nados nos anos 92-93. Non é a categoría mais numerosa pero a compoñen nenos de gran calidade que compensan a pouca experiencia de outros que xogan por primeira vez a “fútbol 11” xa que a maioría so xogaron a fútbol sala.

Destacamos os bos resultados deportivos (que non son o obxectivo fundamental do club), pero non son froito da casualidade, xa que estes nenos, sobre todo os que empezan de novo, están a por un gran interese, xunto co bo facer do técnico (Jaime Veiga).

A Tenda dos
Agasallos
e
 cousas da casa

Tlf y fax: 981 68 89 74
Movil 659 840 259
C/ Xuncal, 12
SIGÜEIRO



TELÉFONICA

PROPHONE
COMUNICACIONES



Avda. Compostela, 7 - baixo
Telf. 981 691 980 • Fax 981 691 980
15688 Sigüeiro - Oroso (A Coruña)
prophone.sigüeiro@telefonica.net



Categoría

Cadetes

ROQUE FRAGA BALEIRO
GONZALO SEOANE MOSQUERA
ANDRES CASAL RAMOS
EZEQUIEL D'ORSI TORRES
MANUEL FIGUEIRAS PEDROSA
RICARDO CASTRO OTERO
ADRIAN BOTANA LATA
JESUS CARBALLIDO IGLESIAS
GONZALO SEGADE
CARBALLIDO
DIEGO CAMBA CASTRO
VICTOR GIL MIRANDA
JUAN VILARES RIVADAS
DAVID NEIRA GOMEZ
JORGE GOMEZ CENDAL
DAVID VILAR CASTIÑEIRA
MANUEL VERA CARNOTA
DAVID REY RIVERA
LINO MIGUEZ PAZOS
ALEJANDRO LORENZO CENDAL



13

Compoñen esta categoría nenos nados nos anos 90-91 aínda que na pre-temporada non tiñamos nenos suficientes para garantir o bo desenvolvemento da competición nesta categoría, agora mesmo é unha das que dispón dun maior número de participantes. Pouco a pouco fóronse animando outros deportistas do noso Concello a participar e a facer equipo. Ademais, o mesmo que nas categorías alevín e infantil é un orgullo e unha satisfacción enorme para o noso club, contar con nenos de gran calidade, que despois de xogar en outros equipos, incluso de nivel superior, volveron a súa casa para xogar xunto cos “seus amigos de sempre”, do cal os directivos, colaboradores e técnicos da Escola estamos moi agradecidos, pola confianza dos nenos e pais a hora de apostar por este proxecto deportivo.

Bazar
Karma

JOYERIA - REGALOS - PORCELANA - LOZA - CRISTAL

Teléfono 981 69 10 39
Rúa do Mediodía, 1 • 15884 Sigüeiro (La Coruña)



DATOS PERSOAIS:

Nome: Victor Conejo

Lugar nacemento: Sigüeiro-Oroso

HISTORIAL XOGADOR:

Con 10 anos ingresei no C.D. Conxo
Participei nas categorías de:

- Alevín, sub-campión de liga e de copa de Santiago e campión de liga e copa de Santiago.
- Infantil: 2 ligas, 2 copas de Santiago, fase de ascenso a liga Galega Infantil.
- Cadete: 1 liga, Ascenso a división de Honor.
- Xuvenil: Categoría de División de Honor.



ESTA FOTO NO SIRVE

Darrillada
Dulperia



Raúl

Polveira, nº 10 - Telf. 981 691 372
15884 Sigüeiro - Santiago

SPORT
informal

Tel. 981 69 15 84 • Avda. Compostela, 28
15688 Sigüeiro (A Coruña)



DATOS PERSOAIS:

Nome: Víctor Santos

Lugar nacemento: Xuño - Porto do Son

HISTORIAL XOGADOR:

Xoguei case toda a miña vida no equipo do meu pobo, a S.D. Xuño, na categoría de xuveniles xoguei no Atlético de Riveira de Liga Galega.

HISTORIAL ADESTRADOR:

- S.D. Xuño adestrando ó equipo cadete de liga local.
- Club Deportivo Conxo. Neste club Adestrei nas seguintes categorías:
- Infantiles de liga local de 1º ano.
- Alevíns, clasificándonos para disputar a fase final da Arosa Cup, na que nos enfrentamos a equipos coma o Ajax, Sevilla, Celta, Oviedo, Gil Vicente...
- Infantiles de Local 1º conseguimos o ascenso á primeira categoría de Infantiles.
- Infantiles de Liga Galega, clasificándonos para a fase final da Arosa Cup da categoría onde nos enfrentamos con rivais coma París Saint Germain, R. Sociedade..
- División de Honor Cadete, coma segundo adestrador nesta categoría, na tempada 2004-2005, levei eu o equipo coma primeiro adestrador, conseguimos ser subcampeóns de copa de xuveniles de Santiago de Compostela e Campeóns da Santiago Cup de Cadetes.



rf novafer
ferretería • bricolaxe
electricidade • xardinería
Teléfono 981 69 11 73
Rúa Travesa, s/n - Edif. Arcos Portal, 4
15688 Sigüeiro-Oroso (A Coruña)





Perfil dos técnicos

Víctor Santos

RESPONSABLE CATEGORÍA ALEVÍN

- Na temporada 2004-2005, fun nomeado seleccionador Sub-15 de Santiago de Compostela, tamén nesa tempada levei a selección dos Xogos do Eixo Atlántico celebrados en Santiago de Compostela onde quedamos Campeóns vencendo a Ourense na final.
- Este ano estou a adestrar ó Club Deportivo Conxo na Categoría de Liga Galega (Cadetes 1º ano)
- Sigo sendo o Seleccionador de Santiago, categoría Sub-15.
- Fun chamado para colaborar coma segundo adestrador na Selección Galega de Infantiles, na que estamos a preparar o campionato de España que se vai a celebrar en Cataluña.
- Tamén estou a adestrar nas categorías de alevíns e benxamíns nas E.D. Xuventude de Oroso.



16

FORMACIÓN:

Posúo o título de Técnico de Fútbol Base e actualmente estou a asistir ó curso de Adestrador nivel dous. Aparte destas titulacións trato sempre de asistir a congresos coma o que se celebrou este verán no Grove con poñentes coma C.L. Menotti, Lillo, etc, co ánimo de ir vendo cousas novas e formarme coma adestrador.

**CAFETERÍA
CORTÉS**

Teléfono 981 691 762
Avda. da Grabanxa, 5 • Sigüeiro (A Coruña)



DEL RIO

Agencia de la Propiedad
Inmobiliaria. Coleg. 166
Administración de Fincas
Seguros

C/ Rúa Travesa, s/n
Tel. y Fax: 981 69 15 12
15884 Sigüeiro-Oroso

Rúa de Berlín, 8 - Bajo
Tel. y Fax: 981 56 39 07
15707 Santiago





DATOS PERSOAIS:

Nome: Jaime Veiga Noya

Data nacemento: 26/02/79

Lugar nacemento: Sigüeiro-Oroso

HISTORIAL XOGADOR:

SIGÜEIRO F.C.

XUVENILES: 95/96 97/98 98/99

AFICIONADOS: 2ª REXIONAL: 99/00

S.D. DEIXEBRE

AFICIONADOS: 03/04 04/05

FORMACIÓN:

T.E.S.A.F.I.D.(F.P. III) Técnico Superior en Actividade Física y Deporte.

I.N.E.F. Licenciatura en Educación Física.
Maestría en Fútbol.

CURSOS: Fútbol Base, novas perspectivas para a intervención no adestramento.





HISTORIAL ADESTRADOR:

S.D LESTEDO

Xuveniles: 95/96 96/97
Aficionados: 97/98

E.D. XUVENTUDE OROSO

Cadetes: 05/06

As tempadas: 01/02 02/03 03/04 04/05 "Retiro Espiritual"

DATOS PERSOAIS:

Nome: Carlos Sanín Pérez

Data nacemento: 13/10/69

Lugar nacemento: Buenos Aires
(Argentina)

HISTORIAL XOGADOR:

BOQUEIXÓN F.C.

Infantiles: 80/81 81/82 82/83

Cadetes: 83/84 84/85

Xuveniles: 86/86 86/87

Aficionados: 87/88 88/89

S.D LESTEDO

Aficionados: 89/90 90/91 91/92
92/93 93/94 94/95

KARAOKE MANHATTAN

Veteranos: 98/99 99/00 00/01

Librería - Papelería



Librería-Papelería
Material escolar
Xogos didácticos
Material de oficina
Prensa e revistas
Calculadoras
Máquinas de escribir

Avda. Grabanxa, 13 - Tel/Fax 981 69 17 18
15884 Sigüeiro (A Coruña)

DAVID
NOGAREDA VEIRAS

Distribuidor oficial de Husqvarna

Avda. Compostela, 12 - Barciela-Sigüeiro
15684 Santiago (A Coruña)
Tel. 981 691 580 - Móvil 607 970 045



Perfil dos técnicos

Marcos Fernández

RESPONSABLE ADESTRAMENTO DOS PORTEIROS



DATOS PERSOAIS:

Nome: Marcos Fernández López

Data nacemento: 10/12/83

Lugar nacemento: Sigüeiro-Oroso

HISTORIAL XOGADOR:

SIGUERO F.C.
INFANTILES
CADETES

SAN MIGUEL
XUVENILES

A.D. COLEXATA
1ª REXIONAL LIGA 03-04

CACHEIRAS F.C.
1ª REXIONAL LIGA 04-05

FORMACIÓN:

Adestrador de porteiros nas catro edicións do "CAMPUS DE FÚTBOL FRANK PASSI".



Rúa da Cultura, 4 Bajo - Sigüeiro • Tel.: 981 691 846
www.conocegalicia.com/mundibolda

CADENA CIEN

Teléfono 981 694 989
Rúa Xuncal, 9 • Sigüeiro





QUE SUPÓN PARA TI ENTRENAR OU TRABALLAR NESTE CLUB.

Para min adestrar neste club supón un reto de traballar cuns nenos que lle poñen unha grandísima ilusión en cada tarefa que se lle propón e ves como progresan día a día, polo que é un reto en cada adestramento estar á altura da ilusión posta por cada un destes rapaces.


CREES QUE A CANTEIRA É A BASE DAS FUTURAS ESTRELAS.

Nun principio o obxectivo debe ser o inculcar uns valores coma o compromiso, a amizade, amar un deporte como pode ser o fútbol, logo a través duns bós hábitos tanto de adestramentos coma doutros factores, e coa axuda dunas competicións ben diseñadas, pódese chegar a ser un futbolista de alto nivel.

NO DEPORTE DE BASE QUE CREES QUE É O QUE MAIS SE DEBE TRABALLAR E COMO SE DEBE TRABALLAR.

Eu penso que na base debemos tratar de a través dunha boa planificación e tendo os obxectivos ben claros (formar), buscar que o neno se identifique con estes obxectivos, tratar de que se acostume a adestrar e buscar que XOGUEN ó fútbol. Como principio fundamental é o de non condicionarse ós resultados.





Neste primeiro número da revista é evidente que de momento non tivemos ocasión de incluír ningún comentario ou escrito dirixido á mesma. En calquera caso queda dito que si tedes algunha cousa que dicir ou aportar, ven como lectores ou coma colaboradores, neste apartado podedes atopar un espacio para as vosas reflexións e mesmo críticas. Agardamos a vosa participación.

Podedes enviar os vosos escritos á dirección de e-mail da revista: xuventudeoroso@yahoo.es

Arines
TRANSPORTES Y EXCAVACIONES S.L.

DIOS
DIANTE, S.L.
TRANSPORTES

Tel.: 981 59 66 35 - Fax: 981 55 34 34
Rúa do Sandino, 112 Bajo
15892 SANTIAGO DE COMPOSTELA
arines.sl@terra.es • diosdiante@telefonica.net

Logos: AENOR, R, ICAENET, AENOR, Gestión Ambiental, S.A. (repeated for both companies)



Valeri Malov es un jugador de 27 años, de nacionalidad rusa que se dedica profesionalmente al Tenis de Mesa. Actualmente milita en las filas del Arteal Tenis de Mesa de Santiago de Compostela en la máxima liga española: la Super División Masculina.



Valeri, a qué edad empezaste a practicar el Tenis de Mesa y cuándo comenzaste a dedicarte profesionalmente a este deporte.

Empecé con 8 años en la escuela de Tenis de Mesa de mi ciudad (a 400 km. de Moscú). Con 12 años ingresé en el Centro de Alto Rendimiento. En Rusia, los deportistas elegidos para entrar a estos centros son premiados con ayudas y becas, así que fue entonces cuando empecé a ganar dinero con este deporte. Pero fue con 15 años cuando decidí dedicarme profesionalmente a ello.

Es difícil ganarse la vida con el Tenis de Mesa.

Yo pienso que es una profesión más. En Rusia hay muchas personas que se dedican profesionalmente al Tenis de Mesa y que se ganan la vida con ello, ya sea como jugadores o entrenadores; y lo mismo pasa en otros países del mundo. En España parece que suena “raro” decir que tu profesión es la de jugar al Tenis de Mesa (o “ping-pong” como lo llaman algunos), pero pienso que es debido a que aquí no es un deporte muy conocido. Sin embargo, sí existen personas en España que se ganan la vida así, tanto extranjeros como muchos españoles.

Por ejemplo, la liga en la que juega mi equipo, es una liga totalmente profesional, y todos los jugadores que la juegan son profesionales de este deporte.



zapateria
SANDRA
MODA - COMPLEMENTOS

C/ LENGÜELLE, N.º 7
Tel. 981 89 49 46

SIGÜEIRO - A Coruña

Peluquería Caballeros

TUE

Avda. Compostela, 36 Teléfono 636 43 97 39
SIGÜEIRO - OROSO



Cuándo llegaste a España y en dónde has jugado desde entonces.

Llegué por primera vez hace 7 años, más o menos. Los primeros clubes donde jugué fueron catalanes; estuve en Calella y Vic 2 años. Después fiché por el Arteal de Santiago, y desde entonces aquí estoy.

Nos podrías contar cómo es un día en la vida de un jugador profesional de Tenis de Mesa.

Bueno, durante la semana, por las mañanas entreno con mis compañeros de equipo unas 2 o 3 horas. Por las tardes suelo ir a dar clases de Tenis de Mesa a colegios o otros clubes de Tenis de Mesa. Las tardes que me quedan libres y que no tengo que dar clases aprovecho para entrenar un poco más. Los fines de semana tenemos partidos de liga, bien los sábados o los domingos, dependiendo del calendario.

Cuál ha sido tu mayor éxito deportivo.

Es difícil decirlo, pero recuerdo con especial cariño la primera vez que entré en la selección rusa. Creo que tenía 13 o 14 años.

Bueno, y como última pregunta, te gusta tu nueva vida en Oroso.

La verdad es que llevamos muy poco tiempo viviendo aquí, pero nos gusta mucho la zona, y la tranquilidad que tenemos. La gente es muy amable y el hecho de poder enseñar aquí mi deporte y dar clases a los niños me ha hecho coger cariño mucho más rápidamente.



Jesús é un corredor de 25 anos de nacionalidade Española nacido na Baxoia (Deixebre) parroquia de Oroso. Corredor de BMX e mountain bike categoría Elite. Militar de profesión na que leva mais de 6 anos destinado na C.O.A (Compañía de Operacións Anfibas) unha das unidades mais punteiras do exército. Mergullador de combate, na que desempeña o posto de segundo xefe no equipo de auga da sección de recoñecemento.



Jesús, a qué idade empezaches a practicar o mountain bike o BMX.

Empecei no mountain bike moi cedo ,non me acordo a que idade, adestrando polas parroquias de Oroso . E no BMX só levo 3 anos xa que en Galicia e moi difícil practicalo po la falta de infraestructuras.

Cando foron as túas primeiras carreiras e cales foron as mais significativas.

A miña primeira carreira foi no campionato de Santiago de mountain bike ós 14 anos quedado 3º diante dos favoritos e de BMX no campionato de Zaragoza quedando 4º con grandes corredores nacionais, franceses e arxentinos na categoría elite. A carreira máis significativa foi a deste ano o poder disfrutar o campionato do mundo de BMX en París quedando o 64 na miña categoría de mais de 4600 corredores.

Cando decides dedicarte profesionalmente a este deporte.

Por razóns de traballo non me dedico profesionalmente a este deporte podendo telo feito e habendo tido moitas posibilidades; si en Oroso houbera un circuito de BMX plantaríamo pero o traballo tírame moito xa que disfruto moito con él.

E difícil gañarse a vida co Mountain bike ou BMX.

Non e difícil si se lle dedican horas dabondo e tendo un bo circuito preto da casa. No mointain bike gáñanse moitos mais cartos que no BMX, xa que no mountain bike hai mais corredores e non se precisa un circuito para poder practica-lo; logo nótase moito o pais que sexa, xa que en U.S.A, Francia, ou os países Hispanos é dos cinco primeiros deportes máis practicados.

Poderías contar cómo é un día da túa vida.

Buff, o primeiro ir pola mañña o cuartel ata as tres, esas oito horas son frenéticas, correr, natación, buceo, aleteo, rapel, boga en kayak ou en





embarcación neumática, navegación en zodiak, saltos do helicóptero, fast rope, tiro con pistola, fusil e sufusil; infiltracións en praia, recoñecementos, asaltos, e así un largo etcétera e cando acabo despois de comer, vou o circuíto a adestrar unha media de 5 horas pola tarde ata que se fai de noite. Os fin de semana toca ir as carreiras do campionato de España.

Con todo o que fas téis tempo para todo.

Pois sinceramente non como a min me gustaría, cando estou na miña mellor forma física para as carreiras sempre me saen temas de traballo, se non son manobras, son misións, nas que pasei mais de medio ano entre Afganistán e o tsunami de Indonesia.

Cal foi o teu maior éxito deportivo.

Diría que o ter participado no campionato do mundo e correr coa camiseta de España ,iso foi un soño feito realidade.

Cales son as túas metas no futuro.

Encantaríame poder facer unha temporada completa tanto a nivel nacional coma autonómico xa que sempre por motivos de traballo nunca poidan facer unha temporada completa, e poder competir no campionato do mundo do 2006 para melloral a posición deste ano.



Tamén conseguir que o concello coa miña axuda puidera construír un circuíto de BMX en Oroso para que os rapaces empecen cedo neste deporte tan espectacular, no que se combina forza, resistencia, potencia e espectacularidade, xa que se colle moita velocidade uns 70 Km/h os elites, e ata saltos de 5



metros de altura. Tamén poder ensinarlles, facendo unha escola deste deporte, xa mo levan dito moitos corredores galegos que lles ensino no pouco tempo libre que teño, pero a falta dun circuíto en condicións faino moi difícil.

DATOS PERSOAIS:

Nome: Juan Luis Amigo Ferreiro

Data nacemento: 08/12/69

Lugar nacemento: Sigüeiro

Posición: Extremo dereito

Traxectoria: Sigüeiro, Compostela,
Deportivo, Betis, Mérida,
Levante, Toledo, Racing Ferrol



26

Juanito, a qué idade empezaches a practicar o Fútbol e cando decides dedicarte profesionalmente a este deporte.

Con 15 anos entrei nas categorías inferiores do Sigüeiro F.C. e despois, case sen darme conta, fun dando pequenos pasos e dedicándolle cada vez mais tempo ó fútbol e iso levoume sen moito tempo para pensalo ó mundo do fútbol profesional. Non me fixo falta tomar esa decisión, vas progresando ano a ano e o final chegas ata onde o teu traballo e a sorte te levan.

E difícil gañarse a vida co Fútbol.

O fútbol é coma calquera outra profesión. Por suposto que se necesitan unha serie de condicións, pero si a ti che gusta o que fas e gozas co teu traballo,



**CLAUDIO
SIGÜEIRO**

Teléfono: 981 69 14 53

c/ Xuncal, 12 Bajo
SIGÜEIRO - Oroso (La Coruña)



como é o meu caso, tódolos esforzos necesarios para cumprir na túa profesión redúcense a levar unha vida máis ou menos ordenada e ter ilusión por seguir mellorando día a día. Si cumpres con eso podes gañar a vida co fútbol ou con calquera outra profesión.

Poderías contar cómo é un día na vida dun xogador profesional de Fútbol.

Pois é un día moito mais normal seguramente do que moita xente se imaxina. Fago as mesmas cousas que calquera pai, levar os fillos o colexio, recollelos, darlles de comer... Eso si, a miña profesión permíteme ter moitas horas libres ó día para gozar ca familia, por contra os fines de semana é cando máis ocupado estou e non podoo facer o que normalmente fan as familias.

Cal foi o teu maior éxito deportivo.

Cando miro ó pasado os mellores momentos e os maiores éxitos que me veñen a cabeza sempre son daquelas tempadas nas que os equipos nos que estiven conseguimos algo importante. O fútbol é un deporte colectivo e cando se cumpren os obxectivos a nivel de grupo un séntese co deber cumprido. Si tivera que destacar un en concreto diría que foi o primeiro ascenso a 2ª A co “Compós”.

Ben, e como última pregunta, que opinas de Oroso, gústache vivir aquí.

Vivín en Sigüeiro máis ou menos ata os vinte anos e non cambiaría a miña infancia por nada, aquí teño os meus amigos de verdade, aínda que non os vexa moito sei que están aí e os recordos máis bonitos da miña vida. Tamén teño que dicir que me gustaba máis o Sigüeiro de antes, aquel no que coñecías a tódolos que ían polas rúas, aínda así Sigüeiro será sempre a miña casa.



Jaime é un deportista todoterreo de Sigüeiro, afeccionado e practicante de todo o que sexa deporte, é Técnico superior en actividade física e deportiva e Licenciado en Educación Física pola Universidade de Vigo, domina e goza ca practica de disciplinas tan dispares como poden ser: fútbol, natación, tenis, jockey a patíns, deportes de risco e aventura, náuticos e pesca submarina entre outros moitos.

Jaime, como debe ser a formación dun futbolista e cales son os erros mais comúns.

Con respecto a outras disciplinas, o fútbol non vive de forma tan acusada os riscos da explotación prematura dos deportistas, que si se poden dar en outros deportes de predominio condicional (natación, atletismo...) ou de predominio técnico - coordinativo como poden ser as ximnasia.

O adestramento de nenos é posible e recomendable sempre, que se adapte as características de desenvolvemento individual do neno, deste xeito formaremos de forma máis acertada o deportista. Non debemos esquecer que non ten sentido buscar rendementos prematuros en idades de formación que poidan limitar o futuro potencial do futbolista, ¿de qué nos valerá un campión infantil, si logo non expresa rendimento en idade adulta?





Unha das fases de formación onde máis erros se cometen e na chamada etapa de instauración que abrangue os 6-9 anos, é a etapa de formación psicomotora de base. A estas idades débense traballar e acadar habilidades motrices e de coordinación, incluíndo adestramentos multi -disciplinares.

A mellor idade para aprender vai dos 10-11 anos, é a etapa de *preparación*, debese traballar a adquisición de técnicas deportivas básicas, a ampliación do repertorio xestual debe ser unha mestura de habilidades motrices concretas, pero non se deben automatizar aprendizaxes erróneos.

A partir dos 12-15 anos estamos na etapa de *desenvolvemento*, tamén se define como a etapa de especialización deportiva xa que se traballa a especialización por posto no traballo técnico - táctico, perfecciónanse os xestos e a condición física, aumentando o volume de adestramento, traballase maior eficacia nos xestos e solucións tácticas.

Por ultimo temos a etapa de *rendemento*, comprende os 16-18 anos, tamén se define como a segunda idade de ouro para o aprendizaxe, aumentan as cargas de adestramento e utilizamos contidos e métodos de adestramento mais complexos.



Os nenos falan

DAVID NEIRA

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos que empecei no fútbol sala.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Xogar o fútbol e poder practicar o meu deporte favorito.

Cal é o teu ídolo.

Zidane.

En que posto che gusta xogar.

Dianteiro ou media punta

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Paréceme ben porque así teño a oportunidade de xogar o fútbol aquí e de relacionarme cos rapaces da miña zoa.



30

JESÚS VIEITES

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os nove anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Gústame todo pero sobre todo os partidos da liga.

Cal é o teu ídolo.

Ronaldinho.

En que posto che gusta xogar.

Central ou no medio campo

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Está moi ben, quédame cerca e ademais xa coñezo a tódolos que xogan aquí.



RUBEN VEIGA

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os cincos anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Xogar o fútbol e reunirme cos meus amigos.

Cal é o teu ídolo.

Iker Casillas.

En que posto che gusta xogar.

Dianteiro.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Paréceme ben, quédame mais cerca e estou cos meus amigos de sempre, pasámolo ben todos xuntos.



Os nenos falan

PERICO GONZÁLEZ

Dende que idade xogas o fútbol.

Seis anos cando xogaba o fútbol sala.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Os partidos e ver os meus amigos.

Cal é o teu ídolo.

Diouf, é Senegalés, está no Tottenham pero creo que o van a votar.

En que posto che gusta xogar.

Porteiro

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Paréceme ben porque así teño un sitio cerca para xogar o fútbol e divertirme cos meus amigos.



JACOBO LIÑARES

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos que xogaba o fútbol sala

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Xogar o fútbol, os partidos e o campo de herba

Cal é o teu ídolo. Raul

En que posto che gusta xogar.

No medio campo

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Está ben ter unha escola de fútbol aquí, así non hai que desprazarse para xogar o fútbol.



DARIO VEIGA

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Aprender moito e facer amigos.

Cal é o teu ídolo.

Drogba.

En que posto che gusta xogar.

Defensa ou dianteiro.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Ben porque antes so podiamos xogar a fútbol sala e agora xa podemos xogar tamén a fútbol campo.



Os nenos falan

JAVIER LISTE

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Meus amigos e os partidos.

Cal é o teu ídolo.


Petrov

En que posto che gusta xogar.

Interior dereito.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Ben porque había moitos nenos e agora xa temos un equipo para xogar aquí todos xuntos.



32

ALBERTO RODEIRO

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos no pavillón.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Xogar cos meus amigos e aprender.

Cal é o teu ídolo.

Iker Casillas

En que posto che gusta xogar.

Porteiro

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Ben porque así podemos xogar todos e competir cos demais equipos.



DAVID COTROFE

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos o fútbol sala

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Os partidos e o campo de herba

Cal é o teu ídolo.

Ronaldinho

En que posto che gusta xogar.

Medio

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Me parece ben porque así podo facer deporte aquí e amigos.



Os nenos falan

JOSE CASTRO

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis no pavillón.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Os balóns, as porterías, os amigos e os adestradores.

Cal é o teu ídolo.

Luke.

En que posto che gusta xogar.

Dianteiro.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol

Ven quédame cerca pero prefería adestrar no campo do Sigüeiro.



ALEX CASTRO

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os seis anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Os adestramentos e os partidos.

Cal é o teu ídolo.

Steven Gerrad

En que posto che gusta xogar.

Medio centro.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Ben quédame cerca e así pododo facer o deporte que mais me gusta.



JESUS ESTALOTE

Dende que idade xogas o fútbol.

Dende os sete anos fútbol sala

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Os adestradores.

Cal é o teu ídolo.


Bufón.

En que posto che gusta xogar.

Porteiro

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Moi ben, nunca probara a xogar o fútbol campo e gústame, ademais pododo xogar no meu posto favorito.



Os nenos falan

DIEGO SANCHEZ

Dende que idade xogas o fútbol.

Desde os cinco anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Adestrar e xogar partidos.

Cal é o teu ídolo.

Raul

En que posto che gusta xogar.

Banda dereita.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Ben.



34

JONATAN REY

Dende que idade xogas o fútbol.

Desde os seis anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

O campo.

Cal é o teu ídolo.

Ronaldinho.

En que posto che gusta xogar.

Dianteiro.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Ben.



OSCAR SEOANE

Dende que idade xogas o fútbol.

Desde os seis anos.

Que é o que mais che gusta desta Escola.

Que podo xogar o fútbol.

Cal é o teu ídolo.


Molina

En que posto che gusta xogar.

Dianteiro.

Que opinas de que se fixera neste Concello, unha Escola de Fútbol.

Que podo estar con meus amigos e xogar o fútbol.



Os pais tamén opinan

SUSO ESTALOTE

Qué espera que aporte esta Escola de Fútbol o seu fillo.

O meu fillo espero que lle aporte compañeirismo, disciplina e saber loitar e traballar en común cos seus compañeiros.

Pensa que as institucións fan o suficiente polo deporte de Base.

Eu penso que si, pois cando se lle pediu axuda tivémola. Aínda que poderían facer un pouco máis, pois necesítanse máis e mellores instalacións.

Como valora o traballo feito polo club ata este momento.

O traballo do club o valoro do un ó dez, en un dez, pois puxeron moito empeño neste, vemos os nenos con moita ilusión e gañas de superarse, tamén os pais temos ilusión e vemos que nosos fillos están contentos e con gañas de superarse. Doulle a noraboa os directivos polo traballo que están facendo e por suposto os adestradores.



35

**CONSTRUCCIONES
DIANESA, S.L.**

Venta de pisos,
apartamentos y
plazas de garaje.

TELF. 659 924 702 / 00
C/ Angustia, 52 - 2º Santiago



JOSÉ ANTONIO LISTE

Qué espera que aporte esta Escola de Fútbol o seu fillo.

Que sea un añadido a la formación integral como persona de nuestros hijos. Competir respetando a los demás, compartir experiencias de victoria y derrota con los compañeros, el sacrificio que supone el superarse día a día, lo considero fundamental para el desarrollo de la personalidad de nuestros hijos.

Pensa que as institucións fan o suficiente polo deporte de Base.

En el Ayuntamiento de Oroso nunca hubo una verdadera política deportiva que favoreciera el deporte de base. Los políticos se creen que con el cheque anual a los equipos y en los últimos años con la escuela deportiva ya está todo echo. Qué pasa con nuestros jóvenes una vez que pasan de los doce años? ¿Donde puede un padre jugar con su hijo a cualquier deporte en este ayuntamiento? La política deportiva en Oroso en gran medida depende de la iniciativa privada.

Como valora o traballo feito polo clube ata este momento.

Sin lugar a dudas la iniciativa de la escuela se merece la máxima valoración al igual que el trabajo de las personas que de forma altruistas están trabajando con nuestros hijos. Seguro que se cometen fallos, que son los menos, y por supuesto consecuencia de la inexperiencia de todos, tanto miembros de la escuela como padres de los alumnos.



PINUCA BALADO

Qué espera que aporte esta Escola de Fútbol o seu fillo.

Basicamente, un lugar común de relación con outros nenos do seu entorno no que se inicie no deporte pero que tamén aprenda a valorar outras cousas que van implícitas na práctica do mesmo: a disciplina, o compañeirismo, a amizade, etc.

Pensa que as institucións fan o suficiente polo deporte de Base.

Nunca é bastante o que fan as institucións nin polo deporte nin pola cultura en xeral, e moito menos polo deporte de base que estivo durante moito tempo absolutamente desentendido e en mans de xente que, de forma desinteresada e altruísta, se preocuparon de constituír clubs que sen axuda institucional algunha permitiron que os nenos e os mozos puideran, de algún xeito, practicar deporte e participar en competicións deportivas, e o caso, por exemplo, do Sigüeiro F.C.

Como valora o traballo feito polo club ata este momento.

De forma moi positiva, creo que se están a facer ben as cousas, non só porque está permitindo que os nenos non teñan que saír do lugar onde viven para practicar deporte senón porque, os rapaces, alomenos os meus, están contentos.



Qué é o que vos anima a participar neste proxecto.

Ver medrar os nenos sans facendo deporte e pasando a súa xuventude con obxectivos.

“Deporte - Empresa” pensa que teñen que camiñar xuntos.

Sempre seremos unha axuda, xunto cos pais, Concello, etc..

Déalle unha boa razón os seus colegas empresariais para que apoiem o deporte de base.

Todos fomos nenos e outros témolos. Que os rapaces medren coñecendo o valor do traballo e do esforzo e unha boa maneira de facerse persoas de ben.



Qué é o que vos anima a participar neste proxecto.

Interéсанos facer parte en todos aqueles proxectos que teñan os cativos como protagonistas, cando máis se, como neste caso, se está contribuíndo a crear un tempo de lecer san e divertido para eles.

“Deporte - Empresa” pensa que teñen que camiñar xuntos.

En efecto a colaboración das empresas sempre son unha axuda, aínda que loxicamente, o deporte debe reunir o seu apoio económico en eidos e institucións moi diversas que se sumen a axuda empresarial. Pero, de calquera xeito, definitivamente o binomio deporte - empresa é atractivo e parece que necesario.

Déalle unha boa razón os seus colegas empresariais para que apoiem o deporte de base.

Se o fan. O seu apoio significará o sustento dunha serie de valores moi positivos, dende o momento en que se esta contribuíndo a ver medrar un proxecto que adestra na disciplina, no traballo en equipo, etc.



Librería - Papelería



Librería-Papelería
Material escolar
Xogos didácticos
Material de oficina
Prensa e revistas
Calculadoras
Máquinas de escribir

Avda. Grabanxa, 13 - Tel/Fax 981 69 17 18 • 15884 Sigüeiro (A Coruña)



- Qué é o que vos anima a participar neste proxecto.

Nos pareció muy buena esta iniciativa, ya que los niños de este ayuntamiento, para jugar a fútbol tenían que ir a Santiago, de esta manera pueden hacerlo muchos más, al no tener que desplazarse es asequible para todos. Además todo lo que es deporte es bueno, sobre todo a estas edades que están iniciando una etapa muy importante, en la infancia y en la adolescencia, que es la base de los niños para que tengan un buen futuro.



- “Deporte - Empresa” pensa que teñen que camiñar xuntos.

Dada la situación en que nos encontramos al tener una tienda de deportes, me parece muy buena idea, aunque personalmente siento que el deporte es imprescindible, siendo o no del ramo, el deporte tiene que caminar junto a cualquier tipo de empresa.

- Déalle unha boa razón os seus colegas empresariais para que apoien o deporte de base.

No sé si nosotros somos los indicados para decir nada al resto del comercio, bajo mi punto de vista, creo que todos debemos animar y apoyar este proyecto porque es el futuro de nuestros jóvenes, que en alguna ocasión, son nuestros hijos. Con un granito de arena que aportemos todos, podemos hacer una pequeña montaña, para que estos niños que algún día serán hombres, estemos orgullosos de ellos

SPORT
informal

Tel. 981 69 15 84 • Avda. Compostela, 28
15688 Sigüeiro (A Coruña)

“Foto Vídeo Antonio

- Qué é o que vos anima a participar neste proxecto.

Os proxectos que impliquen a educación dos cativos de cara a unha sociedade mais tolerante e plural son de moita importancia. E ben sabido que as actividades deportivas e culturais na infancia desenvolven un sentimento social de participación e valores nos cativos, valores que nos tempos que corren son decisivos de cara a unha sociedade de futuro, pois eles son a canteira humán dunha época vindeira que está moi preto



- “Deporte - Empresa” pensa que teñen que camiñar xuntos.

A relación deporte - empresa e de vital importancia, as empresas que colaboran co deporte non só fan unha achega económica ou de materiais, senón que complementan e melloran as que as propias institucións inician, pois non cabe dúbida de que a iniciativa ten que partir das propias institucións, iniciativa e achega económica. O deporte neste caso, debe partir do propio concello e será este quen sen encargue de promoverlo e financiarlo na xusta medida que os cativos se merecen, con instalacións axeitadas e facendo un seguimento serio e rigoroso do desenvolvemento das mesmas. Polo tanto na miña opinión a colaboración deporte - empresa é importante, pero sempre por debaixo das institucións que deben salvagardar os dereitos fundamentais dos cativos e cativas, entre eles o dereito a educación e formación, neste caso na variante deportiva.

Non quero obviar que a colaboración dos pais tamén é decisiva, e a súa implicación a fondo nestes retos é fundamental.

- Déalle unha boa razón os seus colegas empresariais para que apoiem o deporte de base.

Animo a todos os empresarios/as do Concello de Oroso a colaborar en calquera proxecto de índole cultural - deportiva, pois cimentan a base dunha estrutura de futuro, melloran a calidade de vida dos cativos participantes e tamén consolidan á familia. En resumen, as actividades na infancia son decisivas se pensamos en clave de futuro, e calquera apoio que brindemos a ese desenvolvemento redundará en beneficio de todos.

	<p>Casamentos Comunións Estudio Industrial DVD PRO - HDV Deseños web Maquetacións Arquivo Imaxes</p> <p>A.F.F.V. fed. 347 Membro do colectivo de profesionais galiciaenfoco.com</p>
--	---



Gabriel González Eiroa

DIRECTOR COMARCA SANTIAGO DE CAIXA NOVA

ESCUELAS DEPORTIVAS DE OROSO

“UNA SALUDABLE INICIATIVA”

Cuando se nos presentó, allá por el mes de agosto, el proyecto deportivo que se quería realizar para la juventud de esta localidad, nos pareció una iniciativa excelente ya que ayudaba a cubrir el tiempo libre de los jóvenes de Oroso de la forma más saludable y amena posible. Pero para que un proyecto de esta importancia se convirtiese en una realidad con éxito necesitaba la suma de varios factores: gestión directiva, necesidad real y apoyos institucionales-empresariales.



Gestión Directiva: detrás de todo gran proyecto tiene que haber personas con ideas, iniciativa e ilusión para convertirlo en realidad. Mi más sincera enhorabuena a todos ellos.

Necesidad real: los proyectos deben de responder a realidades. En este caso estamos hablando de un Ayuntamiento con una edad media joven y con crecimiento del censo poblacional importante. En un futuro se espera que esta tendencia se acentúe como consecuencia del desarrollo empresarial en el nuevo polígono y también por el crecimiento urbanístico debido a la influencia del área compostelana. Fomentar el deporte de base es perfectamente compatible con esta evolución.

Apoyos institucionales-empresariales: que el Ayuntamiento de Oroso se implique en esta iniciativa hace mucho más fácil la viabilidad de este proyecto. También es importante la participación de empresas privadas de la comarca que realzan el compromiso de todos los sectores económicos con la Escuela Deportiva.

Desde Caixanova analizamos estos tres factores y llegamos a la conclusión de que los valores con los que nacía esta Escuela coincidían plenamente con lo que entendemos nosotros como deporte de base. Porque desde Caixanova apoyamos el deporte por toda la geografía gallega en actividades tan distintas como el ciclismo, fútbol, baloncesto, vela, balonmano y un largo etcétera, con la ilusión y el convencimiento de ayudar a la juventud gallega a crecer de manera saludable.

caixanova





O DEPORTE COMO VEHÍCULO SOCIALIZADOR

Eu supoño que a estas alturas ninguén dubida de que o deporte ademais de ser fisicamente necesario para o desenvolvemento dos individuos, é por si mesmo un valor engadido na formación emocional e intelectual das persoas non só a nivel individual, senón mesmo no eido do grupo, entendendo como tal á propia sociedade. Pero nembargantes, tampouco é menos certo que hoxe en día, neste intre temporal no que nos toca vivir, cando esa sociedade á que se fai referencia está máis globalizada ca nunca e a información de tódalas clases atafega as nosas neuronas chegando incluso a saturarnos hasta derramar, cando parece que o importante son as individualidades e o trunfo persoal por riba de todo, cando a “cultura do pelotazo” –do éxito doado e carente de esforzo– é o referente para os nosos rapaces e rapazas, cando a competencia desleal na procura de medras persoais deixa esmagados outros valores como a solidariedade, a honra, a creatividade, o respecto ós demais, a sinceridade, a responsabilidade, a tolerancia, etc., xurde no noso concello un proxecto colectivo, dinámico, aberto, ilusionante, sen ánimo de lucro, e o que é máis importante, un vieiro socializador enormemente educativo por riba de todo.

A Escola Deportiva de Oroso merece o permanente apoio e colaboración dos pais, dos empresarios, de todo tipo de asociacións, pero sobre todo das institucións e das persoas que as representan. Non podemos esquecer que a labor que agora comezan dende a directiva da EDO, tanto os xestores como os técnicos, ou mesmo os simples colaboradores máis directos, é unha inversión de futuro garantido. Unha inversión nos nosos rapaces, na súa formación física, pero sobre todo na súa formación como persoas adoutrinadas nunha serie de valores que lles axuden a ser útiles á sociedade, que lles possibiliten medrar intelectualmente e humanamente. A EDO pretende sobre todo, ser unha escola de boas persoas.

Non quixera despedirme de vostede como lector desta miña primeira colaboración na revista – e esperemos que non a derradeira -, sen lembrar unha pequena frase dun coñecido psiquiatra estadounidense, Karl A. Mennin, que nunha ocasión dixo algo así como “o que se lles dea ós nenos, os nenos darano á sociedade”. Saúde e longa vida á EDO



